

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020349	IES de Sanxenxo	Sanxenxo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	29
4.2. Materiais e recursos didácticos	29
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	30
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	30
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	31
6. Medidas de atención á diversidade	32
7.1. Concreción dos elementos transversais	33
7.2. Actividades complementarias	34
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	35
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	36
9. Outros apartados	37

1. Introducción

A finalidade da educación secundaria obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, desenvolvan e consoliden hábitos de estudo e de traballo, así como hábitos de vida saudables, preparándoos para a súa incorporación a estudos posteriores e ademais de formalos para o exercicio dos seus dereitos e das obrigas da vida como cidadás e cidadáns.

Por outra banda, a finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura oriéntase tanto á eficacia comunicativa, comprender e expresarse con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega, como a favorecer a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas.

O eixe do currículo de Lingua Galega e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral e escrita adecuada nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, a interpretación dunha variada tipoloxía de textos e o descubrimento e valoración do patrimonio cultural.

O contexto do centro onde se vai levar a cabo a nosa proposta didáctica xira arredor de varios aspectos:

O concello no que se integra basea a súa economía no sector servizos xa que é un municipio onde ten moita relevancia o turismo e, en relación aos usos lingüísticos, constatamos unha forte presenza de diglosia a favor do castelán e canto menor é a idade o emprego da nosa lingua diminúe de maneira alarmante. O número de galegofalantes entre o alumnado do centro non chega ao 10%.

Atendendo a ese contexto, os nosos obxectivos van encamiñados a:

1. Fomentar o uso da lingua galega como lingua, tanto oral como escrita, e en todos os ámbitos.
2. Mellorar a eficacia comunicativa, comprender e expresarse con corrección.
3. Reforzar o traballo no ámbito sociolingüístico para a superación progresiva dos esquemas diglósicos e dos prexuízos asociados.

Os contidos do curso distribúense en tres bloques, distribuídos ao longo de nove unidades didácticas:

Un primeiro bloque, "Comunicación", onde o alumnado adestrará a súa destreza oral e escrita tanto a través de diferentes textos onde irá aprendendo as diferentes tipoloxías textuais e as súas características como noutros soportes de carácter audiovisual como podcast ou vídeos. Tamén este apartado servirá para adquirir e empregar novo vocabulario que está clasificado en diferentes campos semánticos.

O segundo bloque, "Estudo da lingua" onde se tratarán aspectos relacionados coa ortografía, tamén como repaso de contidos xa estudados noutros niveis. Ademais estudaranse as distintas clases de palabras (substantivos, adxectivos, pronomes etc...) ou a formación e evolución do galego dende un punto de vista cronolóxico. Tamén neste apartado trataranse aqueles aspectos da sociolingüística, referidos nomeadamente a evitar os prexuízos, a valorar a importancia da diversidade lingüística e do mundo lusófono.

O terceiro bloque refírese á "Educación literaria", onde se ofrece unha pequena síntese da historia da lingua galega desde o comezo ata o século XIX, facendo especial fincapé nos momentos máis destacados, nos seus autores máis senlleiros, con textos e obras de diferentes épocas para analizar e comprender

Tamén neste bloque incluimos o fomento da lectura e do hábito lector na nosa lingua e deste modo o alumnado deberá ler e traballar diferentes lecturas seleccionadas segundo os criterios de calidade literaria ou a inclusión de temáticas actualizadas e atractivas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unha lingua por descubrir	Nesta unidade veremos as propiedades dos textos, faremos un repaso da acentuación e continuaremos co estudo do desenvolvemento histórico-social do galego e portugués dende o seu nacemento, achegándonos á lectura e á análise da literatura medieval galego-portuguesa a través dos textos máis característicos desta etapa.	11	12	X		
2	Galego-portugués. Unha ollada ao noso pasado	Continuamos co repaso ortográfico, centrándonos no acento diacrítico e tamén dentro do léxico traballaremos o campo semántico da cidade. Seguimos coa lectura e a análise da lírica amorosa (recoñecemento das características temáticas e formais da cantiga medieval) e na súa evolución. Dentro do bloque de estudo da lingua, veremos a palabra e os seus formantes e a clasificación das mesmas. No bloque da comunicación analizaremos as características do xénero narrativo e os elementos que o forman.	11	11	X		
3	Descubindo o mundo	O texto descritivo será o punto de partida desta unidade que se centrará tamén nas características das producións orais. No bloque de estudo da lingua, a nivel gramatical será o momento de abordar o substantivo e no apartado da sociolingüística veremos a relación da nosa lingua co resto das linguas peninsulares. Dentro da literatura, seguiremos coa análise de textos medievais, centrándonos nas cantigas satíricas (recoñecemento das características temáticas e formais da cantiga medieval) Por último, dedicaremos tamén a unidade ao traballo coa obra de lectura onde o alumnado amosará ter comprendido a obra e deberá facer algún tipo de proba oral ou escrita.	11	12	X		
4	1,2,3...gravando	A lingua oral planificada e a creación de contidos usando os soportes que ofrecen as novas tecnoloxías é a parte central desta unidade. O diálogo, a recensión, a crítica literaria, teatral ou cinematográfica serán algún dos temas para poñela en práctica. Por último, dentro das cantigas medievais remataremos coas Cantigas relixiosas e xéneros menores.	11	11		X	
5	Rosalía sempre viva	Rosalía de Castro, icona fundamental e	11	13		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Rosalía sempre viva	<p>indispensable da cultura galega é o eixo desta unidade. O coñecemento da súa obra e da pegada que deixou en toda a literatura posterior; a lectura dos textos e o seu comentario.</p> <p>Entre as clases de palabras, os determinantes e o pronome serán obxecto de estudo desta unidade; ao igual ca o texto expositivo.</p> <p>A orixe común do portugués e do galego e o alto grao de intercomprensión entre os seus falantes permite considerar que o galego forma parte da lusofonía e veremos neste tema a súa importancia.</p> <p>Por último, dedicaremos tamén a unidade ao traballo coa obra de lectura deste trimestre.</p>	11	13		X	
6	Navegando polas redes	<p>As redes sociais e o uso da internet supoñen un novo xeito de comunicarnos e de usarmos tanto a lingua oral como a escrita. Continuamos coas diferentes tipoloxías textuais, sendo o momento de falar do texto argumentativo. O léxico relacionado coa saúde e as doenzas e a creación de neoloxismos forman parte tamén deste bloque.</p> <p>O coñecemento das variedades lingüísticas do galego: temporais, xeográficas, situacionais e de nivel.</p> <p>O repaso ortográfico da escrita das palabras con b,v ou h pecharía o apartado de estudo da lingua.</p>	11	11		X	
7	Últimas noticias!	<p>Coñecer a linguaxe dos medios de comunicación e os diferentes xéneros xornalísticos coas súas características servirán para crear as nosas propias producións. O emprego dos préstamos lingüísticos e o léxico referido ao cine e á linguaxe audiovisual.</p> <p>O paradigma verbal , o uso ortográfico das dos grupos consonánticos e das grafías s/x e como se crea unha variedade estándar son os contidos relacionados co estudo da lingua.</p> <p>Por último, dentro da literatura, continuamos cos autores máis destacados do Rexurdimento galego: Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal. Leremos e comentaremos algúns dos seus poemas.</p>	12	13			X
8	Rachando prexuizos	<p>Identificar, desmontar e eliminar os prexuizos cara á lingua galega é o obxectivo desta unidade.</p> <p>Continuamos coa análise e a creación de diferentes textos de carácter xornalístico e aumentamos o noso coñecemento do léxico</p>	11	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Rachando prexuízos	galego coas palabras relacionadas co a paisaxe natural. Co estudo das perífrases, do adverbio, preposicións, conxuncións e as súas locucións rematamos as clases de palabras. En literatura traballaremos o comentario de texto e faremos un obradoiro para estimular a creación das nosas propias producións. Nesta unidade insírese tamén o traballo co libro de lectura deste trimestre.	11	12			X
9	Contrapublicidade para un mundo máis xusto	A linguaxe publicitaria e os mecanismos, estratexias e características que emprega. Creación de propostas publicitarias alternativas. En sociolingüística analizaremos os conceptos de plurilingüismo e normalización dentro da nosa realidade inmediata. A narrativa do SXIX e as principais obras da etapa ocuparán o estudo da literatura.	11	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Unha lingua por descubrir	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	Coñecer de maneira xeral a historia da lingua galega común á lingua portuguesa e identificar en textos as diferenzas entre ambas linguas.		
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprender e interpretar correctamente o contido e os elementos formais dos textos estudados na unidade.	PE	80
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	Identificar nos textos as diferentes propiedades textuais		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Interpretar o contido dos textos (literarios ou non) estudados na unidade e extraer a información máis relevante dos mesmos.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Relacionar as lecturas da unidade con outras manifestacións artísticas e culturais en canto á súa temática e/ou a súa forma.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Empregar a lingua galega con corrección, demostrando un coñecemento das regras e un emprego eficaz das diferentes categorías gramaticais estudadas.		
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprender o sentido global e os procedementos empregados nas interaccións orais		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Ler de maneira autónoma e compartir gustos e intereses literarios entre o alumnado	TI	20
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Realizar traballos sinxelos con carácter literario seguindo os modelos da poesía galego-portuguesa		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa. - Desenvolvemento de nocións básicas do portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal. - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.
- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxio)
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
2	Galego-portugués. Unha ollada ao noso pasado	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprender e interpretar correctamente o contido e os elementos formais dos textos estudados na unidade.	PE	80
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Comprender e analizar nas cantigas medievais tanto na forma como o contido, poñéndolas en relación coa literatura da época e cos autores e épocas posteriores.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Empregar a lingua galega con corrección, demostrando un coñecemento das regras e un emprego eficaz das diferentes categorías gramaticais estudadas.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	Reflexionar sobre os mecanismos de formación de palabras e funcionamento da lingua	TI	20
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Realizar unha conversa de forma espontánea ou ben unha exposición oral planificada seguindo un esquema determinado a partir dun tema previamente elixido.		
CA2.6 - ocalizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Seleccionar e contrastar a información procedente de distintas fontes		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Empregar a revisión como mecanismo de mellora dos textos		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Realizar traballos con carácter literario e empregando distintas linguaxes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...). - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. Aposición. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto). - Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subjuntivo. Contextos de uso. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos

Contidos

- artísticos.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxio)
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
3	Descubindo o mundo	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Valorar a lingua catalá, analizando as súas características máis básicas para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	Valorar a riqueza que supón o plurilingüismo e coñecer os datos máis relevantes das diferentes linguas do estado.	PE	80
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprender e interpretar correctamente o contido e os elementos formais dos textos estudados na unidade.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Analizar nunha cantiga medieval os recursos formais que posúe, os procedementos para a súa análise e os xéneros nos que se engloban.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Comprender e analizar os textos literarios dos xéneros estudados tanto na forma como no contido.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Establecer relacións entre as obras estudadas na unidade e outras manifestacións artísticas		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Empregar a lingua galega con corrección, demostrando un coñecemento das regras e un emprego eficaz das diferentes categorías gramaticais estudadas.		
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elaborar un traballo sinxelo sobre un tema de actualidade ou de interese para o alumnado seguindo un guión previo.		
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar unha exposición planificada, empregando distintos soportes, a partir dun tema predeterminado	TI	20
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Compartir os gustos lectores entre os compañeiros		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Empregar a revisión como mecanismo de corrección		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración e comprensión das principais características do catalán e das súas variantes. - Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística. - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.

Contidos

- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
4	1,2,3...gravando	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprender e interpretar correctamente o contido e os elementos formais da linguaxe publicitaria	PE	80
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Realizar por escrito unha reflexión coherente das estratexias que empregan os anuncios publicitarios		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Analizar tanto a forma como o fondo textos de variada tipoloxía		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Relacionar a obra de lectura con outras manifestacións artísticas e culturais en canto á súa temática e/ou a súa forma.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Empregar a lingua galega con corrección, demostrando un coñecemento das regras e un emprego eficaz das diferentes categorías gramaticais estudadas.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Localizar e explicar a funcionalidade dos recursos formais e doutro tipo que emprega a linguaxe publicitaria		
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar unha exposición oral planificada seguindo un esquema determinado a partir dun tema previamente elixido.	TI	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	Demostrar saber empregar estratexias para resolver conflitos e debates no día a día		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear un texto de carácter publicitario cun fin crítico (Contrapublicidade) aplicando nel as características estudadas e podendo realizalo en distintos soportes		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto). - Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector. - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.). - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxio) - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

Contidos

- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

LIÑAS METODOLÓXICAS:

- a) Pártese do nivel de desenvolvemento do alumno, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren o devandito nivel de desenvolvemento.
 - b) Sublíñase a necesidade de darlle pulo ao desenvolvemento de capacidades xerais e de competencias básicas e específicas por medio do traballo das materias.
 - c) O principal propósito é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega, sendo a lingua oral o pilar fundamental do noso labor.
 - d) Daráselle prioridade á comprensión dos contidos que se traballan fronte á súa aprendizaxe mecánica.
 - e) Foméntase a reflexión persoal para pór en práctica os novos coñecementos, de xeito que o alumno poida amosar o seu interese e a utilidade do aprendido.
 - f) Potenciarase a participación en todo tipo de actividades que abranguen dende a realización de traballos en diferentes soportes, saídas didácticas ou a participación en concursos e propostas ben do centro coma externas.
 - g) Intentarase que os alumnos relacionen os contidos desta materia con outras do currículo e á inversa.
 - h) As situacións de aprendizaxe deben ser tamén variadas e motivadoras, buscando a coordinación con outros departamentos, especialmente co equipo de Dinamización da lingua galega e o equipo de biblioteca.
 - i) Uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e a creatividade.
 - k) Manexaremos os diferentes agrupamentos dos alumnos en función das distintas necesidades.
 - l) O fomento da lectura, buscando títulos que non só sirvan para a mellora da súa competencia lingüística senón tamén que promovan a defensa de valores sociais e contribúan ao desenvolvemento do espírito crítico.
 - m) A posta en marcha de mecanismos de reforzo entre o alumnado que presente dificultades, empregando unha metodoloxía motivadora e adaptada ás súas necesidades.
- Todos estes principios teñen como finalidade que o alumnado sexa gradualmente capaz de aprender de xeito autónomo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto Lingua Galega e literatura 3. Editorial Anaya
Plataforma Eva-edixgal
Material complementario de reforzo e ampliación de elaboración propia ou achegado polo Departamento e de diferentes editoriais
Libros de lectura recomendados polo Departamento. Selección de obras variadas de literatura xuvenil e clásicos.
Fondo documental e bibliográfico da Biblioteca e do departamento de Lingua e literatura galega
Recursos web variados: blogs educativos (literalingua, trafegandoronseis, galegodaestacion, galafran, vaidelingua), páxinas de internet (ogalego.eu; aprofa.gal; aulasgalegas.org; cotovía.org; tintarras; aprendogalego.com) plataformas educativas (educaplay, liveworksheets)

Referido aos medios materiais dos que dispomos na aula están: computadores persoais para cada un dos alumnos/as, pantalla dixital e encerado.

Tanto na aula coma na biblioteca dispoñemos de material bibliográfico e audiovisual para traballar a lingua oral e escrita.

Xornais e revistas en lingua galega tamén están a dispor do alumnado e do profesorado de maneira habitual ao longo do curso.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso.

Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan.

O primeiro que convén explorar e coñecer son as actitudes do alumnado fronte á materia. O coñecemento destas actitudes proporcionará datos valiosos para organizar unhas actividades que fomenten a "motivación por aprender".

En segundo lugar, interesa coñecer as capacidades do alumnado en canto a lectura, escritura e coñecementos adquiridos de cursos pasados.

Por último, é preciso coñecer a situación emocional do alumnado co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

Os instrumentos para recoller a información relevante para a avaliación inicial serán variados:

- Un cuestionario ou proba escrita para detectar o coñecemento de procedementos e conceptos básicos da materia.
- Unha enquisa ao alumnado de índole persoal para descubrir o seu grao de implicación e intereses respecto á lingua e cultura galega.

Igualmente contemplaremos outros momentos de avaliación inicial, como pode ser ao inicio de cada unha das unidades didácticas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	11	11	11	11	12	11	11	100
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20	20	20	20

Criterios de cualificación:

O 80% da nota global basearase na competencia lingüística, que se corresponde con aqueles contidos lingüístico-gramaticais e literarios impartidos ao longo do trimestre. A nota neste apartado será o resultado da media das probas realizadas tanto orais como escritas sobre os bloques de contido.

O 20% restante refírese a outras competencias e procedementos que inclúen o libro ou libros de lectura recomendados que o alumnado terá opción de ler para incrementar así a súa nota, traballos encomendados tanto orais como escritos, exposicións, redaccións e comentarios de texto, cuestionarios virtuais, caderno de clase e actitude do alumnado (sobre todo no que se refire a competencias sociais e cívicas).

Nas probas e traballos escritos descontarase por cada erro morfolóxico, ortográfico, sintáctico e erros de coherencia e cohesión 0,10 puntos. A presentación pouco coidadosa (sen marxes, sen tabular, con múltiples borranchos) tamén se penalizará. O conxunto de penalizacións por incorreccións lingüísticas non superará os 2 puntos.

A copia nunha proba escrita por parte do alumno/a considérase unha práctica fraudulenta e polo tanto terá a

cualificación de CERO puntos.

En caso de que o traballo(s) sexa entregado fóra de tempo, non acade a extensión mínima esixida ou careza dun mínimo esixible, o traballo non será corrixido e non se terá en conta na nota, perdendo o/a alumno/a a parte da puntuación correspondente a ese traballo. Tampouco obterá unha cualificación positiva no caso do traballo ser plaxiado ou se demostre que se fixo uso de programas de IA.

Para superar a materia, hai que ter en conta, ademais, as seguintes cuestións:

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese:

" Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado".

O incumprimento reiterado deste artigo por parte da alumna ou alumno no desenvolvemento das sesións de clase provocará un suspenso na materia en tanto que demostra falta de coñecemento ou respecto pola utilización da nosa lingua que é o núcleo da propia materia.

Seguindo o Decreto tamén, o alumnado deberá falar e escribir en galego nas súas probas e, de non facelo, a proba en cuestión será cualificada con 0 puntos.

Para aprobar a materia hai que ter de media, como mínimo, un 5. Con nota inferior a 5 non se supera a materia .

No caso de que o alumno ou alumna se ausente, de forma xustificada, por un período prolongado e coincidente ou moi próximo as datas da avaliación, o alumnado será avaliado dos contidos que se impartiron ata que se produciu a ausencia. Avaliarase dos contidos pendentes nas datas de recuperación .

Para a cualificación da oralidade, levaranse a cabo diferentes procedementos como o diálogo e as intervencións orais na aula para coñecer a competencia lingüística oral do alumno/a.

En xuño, na avaliación ordinaria, a cualificación final será o resultado de calcular a media ponderada das tres avaliacións (unha vez feitas as probas de recuperación en caso de que a media fose inferior a 5), computando a 1ª avaliación o 33%, a 2ª avaliación o 33% e a 3ª avaliación o 34%. Para calcular a media teranse en conta as notas numéricas reais das tres avaliacións.

Criterios de recuperación:

A avaliación desta materia responde ao principio de avaliación continua, polo tanto nas probas ordinarias como nas de recuperación ao longo do curso poderán, se o profesor o considera, conter contidos xa dados de trimestres anteriores para reforzar a súa adquisición.

Despois de cada trimestre, o alumnado cunha cualificación negativa poderá recuperar a parte da materia do trimestre que teña suspensa mediante unha proba escrita en datas posteriores a cada unha das avaliacións parciais ou, de ser o caso, coa entrega dun traballo (en soporte escrito ou audiovisual) para as partes referidas a outras competencias traballadas.

Para calcular a nota da avaliación despois de facer a Proba de recuperación (Nota AvRecup): $\text{Nota AvRec} = \text{MAX}(\text{Nota Av}, \text{nota da Proba de Recuperación})$

A nota obtida empregarase para o cálculo da nota final.

As probas de recuperación dos contidos do terceiro trimestre terán lugar nos últimos días de aulas, para aquel alumnado que non obtivese ata ese momento unha nota superior a 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Segundo o artigo 13.5. da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia: «Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres sesións poderá coincidir coa avaliación final do período ordinario.

En primeiro lugar, seguirase o disposto no Artigo 51. da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia que alude ao Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar, onde se especifica o seguinte:

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.
2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teña pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias.

3. O alumnado e os seus familiares ou titores legais serán informados polo profesor/a da materia dos contidos do plan de reforzo e, máis concretamente, dos requisitos necesarios para aprobar a materia pendente. Desta información quedará constancia por escrito no departamento.

Para a recuperación das materias pendentes teranse en conta estes aspectos:

- a) O alumnado pendente deberá superar os mínimos de consecución marcados na programación do curso no que estea suspenso.
- b) As estratexias metodolóxicas serán distintas ás empregadas habitualmente na aula co resto do alumnado, xa que a falta de presencialidade obriga a establecer outros mecanismos de seguimento. O seguimento establecerase mediante reunións presenciais de periodicidade mensual na hora de atención ao alumnado e ás familias. Atenderase a través de medios telemáticos (plataforma EVA- edixgal, ABALAR ou outros medios).
- c) Debe entregar en tempo e forma o traballo trimestral requerido. Para iso empregaremos principalmente a plataforma eva-edixgal, aínda que tamén poderase facilitar en soporte papel.
- d) Os traballos deben ter unha presentación aceptable. Non se corruxirán se están en malas condicións ou de non cumpriren un mínimo de calidade. No caso de non entregar o traballo ou as actividades nas datas sinaladas polo departamento e non ter unha causa xustificada, a cualificación será negativa. Cualificarase tamén negativamente os traballos copiados e/ou plaxiados.
- c) Ademais, haberá dúas probas escritas como reforzo dos contidos traballados en cada trimestre nos meses de xaneiro e abril.

As porcentaxes que se aplicarán serán as seguintes:

1. Boletíns de actividades ou traballos e proxectos monográficos (proxectos audiovisuais, diarios de lectura, traballos de investigación): 70%
2. Probas escritas: 30%

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso decidirán sobre a súa avaliación nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, o alumnado deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

Finalmente, considerando a natureza de avaliación continúa da materia de Lingua galega, as/os alumnas/os que aproben a materia de Lingua e literatura galega no curso que estean matriculados daráselles por aprobada a materia do(s) curso(s) anterior(es).

6. Medidas de atención á diversidade

O ensino ten que ter presente que as diferenzas que hai entre o alumnado impiden conseguir obxectivos idénticos. Polo tanto, sen renunciar á existencia de obxectivos xerais e comúns, hai que considerar a necesidade de dispor de métodos de ensino alternativos segundo a diversidade do alumnado e segundo o seu ritmo de aprendizaxe.

As necesidades determinarase a través da avaliación inicial que se realizará no comezo de curso ou no momento de incorporación ao sistema educativo. Se ten desfase curricular ou descoñece a lingua seguirá un programa específico personalizado ademais de incorporarse ás medidas de atención á diversidade deseñadas para cada curso.

Os alumnos que se aparten significativamente dos contidos e criterios de avaliación contarán cunha adaptación curricular individualizada que se incorpora á programación anual dos Departamentos de Lingua Galega e Literatura e ao Departamento de Orientación.

A decisión sobre o alumnado con estas carencias concretarase tamén na sesión de avaliación inicial.

Para atender á diversidade do alumnado, primeiramente cómpre delimitar os obxectivos mínimos que garantan unha aprendizaxe autónoma e ter en conta os diferentes recursos que posibilitan o tratamento da diversidade. Entre eles figuran:

- Adaptar e/ou simplificar o material didáctico.
- Variar a metodoloxía segundo as necesidades do alumnado (alternar actividades teóricas con traballo práctico, empregar estratexias para captar a atención inicial, usar reforzos e apoios visuais na instrución oral, combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras).
- Propor actividades de aprendizaxe diferenciadas, supervisando os exercicios e asegurándose de que entendeu o que ten que facer.
- Organizar grupos de traballo flexibles. Isto inclúe a colaboración dun compañeiro ou dunha compañeira para que o axude a comprender e a realizar as tarefas
- Supervisión frecuente da tarefa
- Adaptar os tempos de realización de tarefas e probas.
- Segmentar ou simplificar as actividades longas e limitar o número destas.
- Situar o/a alumno/a na aula para facilitar o ambiente de traballo, evitando lugares que contribúan á distracción.

- Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo intereses e capacidades do alumnado.
- Adaptar as ferramentas de avaliación
- Nas probas escritas, algunhas estratexias a seguir poden ser: acurtar a extensión dos mesmos, formular preguntas breves, pechadas, claras e con vocabulario sinxelo. Complementar os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos e dar máis tempo para realizar as probas ou os exames escritos.

En casos concretos, pactar a fórmula máis idónea para realizar os exames (oralmente ou utilizando o computador) e dividilos en dúas sesións, sendo flexibles na súa duración.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan.

Alumnado procedente do estranxeiro ou de fóra de Galicia

As necesidades determinaranse a través da avaliación inicial que se realizará no comezo de cada curso ou no momento de incorporación ao sistema educativo. Se presenta desfase curricular e descoñece a lingua aplicaráselle aquelas medidas de reforzo necesarias entre as que figuran: exención temporal da cualificación da materia de reunir os requisitos e traballo específico e diferenciado en cada caso.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual				X		X		
ET.4 - A competencia dixital			X		X		X	
ET.5 - O emprendemento social e empresarial					X	X		
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico	X					X		X
ET.7 - A educación emocional e en valores				X			X	X
ET.8 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade			X		X	X	X	

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - A comunicación audiovisual	X
ET.4 - A competencia dixital	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial	

	UD 9
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - A educación emocional e en valores	X
ET.8 - A igualdade de xénero	X
ET.9 - A creatividade	X

Observacións:

Os elementos transversais estarán presentes na nosa materia do seguinte xeito:

Traballarase a comprensión lectora, a expresión oral e escrita pois dentro da dinámica das sesións de clase, procuraremos que todo o alumnado lea para mellorar a súa comprensión lectora e a súa expresión oral e escrita. Tamén incluiremos unha obra de lectura obrigatoria en cada un dos trimestres. Tamén se deseñarán traballos e concursos para desenvolver as destrezas e as técnicas de expresión escrita.

A comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación empregando todos os recursos que nos ofrece a rede, o emprego de plataformas dixitais para a busca e intercambio de información. Tamén o uso de aplicacións para a creación de contidos e traballos multimedia.

O emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico farase a partir dos traballos de investigación e exposicións, de forma individual ou en grupos cooperativos, amosando empatía, perseveranza e flexibilidade.

A educación emocional e en valores e a igualdade de xénero traballarase constantemente abordando temas como a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato, incidindo na prevención dos comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.

Tamén fomentaremos no noso alumnado a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos, o respecto aos dereitos humanos e ás persoas con discapacidade.

Por último, a creatividade, está presente en moitas das unidades pois o alumnado participa de iniciativas culturais e artísticas que se fomentan e deseñan tanto no propio centro (EDL e Biblioteca) como de organismos e asociacións externas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a unha obra teatral	O alumnado poderá asistir a unha obra teatral dentro das diferentes programacións culturais		X	
Charlas e obradoiros literarios	Ao longo do ano programaranse encontros, charlas e obradoiros para así afondar no proceso literario e na súa comprensión	X	X	
Visita á casa museo Rosalía de Castro	Visita á casa- museo Rosalía en Padrón e realización dun roteiro literario pola contorna da vila			X
Semana Cultural 2024	Participación con actividades e propostas dende o departamento para a Semana cultural a finais de marzo		X	
XVIII Certame literario IES Sanxenxo	Participación activa no certame literario de todos os centros de ensino do concello.			X
Actividades en colaboración co equipo de Biblioteca e o EDL	Participación no concurso de bookface, podcast, videopoemas ou calquera outra proposta realizada pola biblioteca do centro e o EDL	X	X	X

Observacións:

Ao longo do curso iranse concretando as actividades complementarias que se levarán a cabo. A realización destas actividades dependerá tanto do desenvolvemento da programación e da propia organización das actividades do centro, como da cantidade do alumnado participante.

Algunhas delas véñense facendo de maneira recorrente ano tras ano e nelas incluímos aquelas que se fan dende o propio centro como: o certame literario IES Sanxenxo, para todos os centros de ensino do municipio como a Semana Cultural que cada ano ten unha temática concreta.

A colaboración coas propostas que realiza o Equipo de Dinamización Lingüística e a Biblioteca do centro ou os clubs de lectura tamén forma parte da actividade complementaria; sen desbotar aquelas iniciativas que nos chegan doutros organismos, asociacións ou entidades e que consideramos de interese e que poden incardinarse dentro da programación do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O desenvolvemento da programación foi acorde á temporización
Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
Foron adecuados os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
Aplicouse a metodoloxía, os materiais e os recursos didácticos programados
Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos.
Promoveuse o hábito lector coa busca de lecturas próximas ao interese do alumnado e organizando actividades atractivas para o fomento da lectura e da creación literaria
Medidas de atención á diversidade
Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes de reforzo educativo
Clima de traballo na aula
Propiciouse un ambiente motivador na aula.
Respectouse o alumnado e demostrouse empatía ante os seus problemas e as súas diferenzas.
Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, nomeadamente EDL e Biblioteca.
Outros
Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares programadas e desenvolvéronse progresivamente os temas transversais

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso de ensino e a súa práctica docente. Para este fin, empregaremos unha serie de indicadores de logro seguindo unha escala de 0 a 10, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para avaliar tanto o proceso de ensino como a propia programación, atenderemos a:

- Obxectivos.
- Contidos.
- Temporización.
- Criterios de avaliación.
- Competencias básicas e competencias clave.
- Contidos mínimos esixibles.
- Metodoloxía didáctica.
- Atención á diversidade.

Esta avaliación producirá, se for preciso, modificacións na programación para os seguintes trimestres ou en vindeiros anos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizaremos a revisión da programación didáctica da seguinte maneira:

No principio de curso, a avaliación inicial ofrecerá datos para modificar os aspectos da programación que se consideren oportunos co obxecto de axustarse á realidade do alumnado co que se traballará.

Nos informes trimestrais do departamento incluírase un punto sobre o seguimento e grao de cumprimento da programación didáctica, verificándose se se están impartindo os contidos programados e se a temporización é a adecuada. Ademais rexistrárase o grao de consecución da Programación no apartado de "seguimento" da aplicación Proens.

Cada trimestre, despois de coñecermos os resultados do alumnado e como estes se concretan nas cualificacións, será o momento de facer unha valoración do desenvolvemento da programación e planificar as accións educativas que se consideren oportunas, co obxectivo de atender de maneira especial os aspectos en que o alumnado presente maiores dificultades.

Entre as cuestións ou puntos a revisar encóntranse:

1. A metodoloxía foi eficaz para acadar os obxectivos
2. Os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.
3. Cumpriuse coa secuenciación e temporalización das unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.
4. Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.
5. Foi preciso introducir algunha modificación nos procedementos e instrumentos de avaliación utilizados .
6. O procedemento seguido para a información ás familias foi útil e axeitado.

Ao final de curso, avaliaremos a programación didáctica no seu conxunto e para iso teremos en conta, en primeiro lugar, o grao de cumprimento da propia programación, valorando os resultados das avaliacións finais ordinarias do alumnado. Deste proceso extraeranse as propostas de modificación e mellora para a programación didáctica do vindeiro curso.

Potenciaranse os aspectos que ofrezan mellores resultados e maior satisfacción, ao mesmo tempo que se atenderán especialmente os aspectos en que o alumnado presente maiores carencias ou dificultades.

O resultado desta avaliación reflectirase na memoria final de curso do departamento e tamén recolleranse as propostas de mellora para seren tidas en conta na PD do próximo curso.

9. Outros apartados